

PELÍCULAS

NAPOLA (2004)

Atopámonos en 1942. Friedrich Weimer é un mozo que, en contra dos desexos do seu pai, ingresa nunha Napola, escola onde ensinan á mocidade alemá a ser perfectos nazis, mediante métodos non especialmente ortodoxos.



EL JARDÍN DE LA ALEGRÍA (2000)

Angustiado polo falecemento prematuro do seu marido, unha chea de débedas, unha antiga amante daquel e a perspectiva de perder a súa fermosa casa rural, Grace Trevethen decide rendibilizar a súa destreza na xardinería. Coa axuda do seu xardineiro, Mathew, o cultivo das orquídeas polo da marihuana



EL CASTILLO AMBULANTE (2004)

Sophie ten 18 anos. Traballa sen descanso na tenda de chapeus que mantíña o seu pai antes de falecer. Nun dos seus poucos frecuentes paseos pola cidade, Sophie coñece ao mago Howl. Howl é un mozo con poderes extraordinarios e extremadamente sedutor. Con todo, a Sophie dálle a impresión de que Howl esconde algo...




PLANET 51 (2009)

Planet 51 é a historia dunha familia de extraterrestres que vive tranquilamente no seu planeta ata a chegada do que para eles é un alienígena: un HOME!.



2011

POR UN NOVO “ANO DA LECTURA E O LIBRO EN GALICIA”



FELICES LECTURAS!



**Biblioteca IES Poeta Añón
OUTES**




Nadal 2010

GUÍA DE LECTURA

PARA OS MÁIS NOVOS

CONTOS DE REIS E DE NADAL M. Vázquez Freire

Sete relatos centrados no Nadal, ideais para ler en familia ós máis pequenos da casa.



10 EXPLORADORES QUE CAMBIARON EL MUNDO C Gifford

Para coñecer as apaixonantes biografías de 10 pioneiros exploradores que cambiaron o curso da Historia



KONRAD O EL NIÑO QUE SALIÓ DE UNA LATA DE CONSERVAS C. Nöstlinger

A señora Bartolotti recibe por correo un neno de 7 anos e, obrigada polas circunstancias a coidar del e de educalo, farao dun xeito orixinal e divertido.



Los cinco narradores de Bagdad F. Vehlmann

Os cinco mellores contadores de historias de Bagdad unen os seus camiños na procura do mellor conto do mundo co que pretenden gañar o concurso de contadores de historias organizado polo califa.



LECTORES EXPERTOS


O VIOLINISTA DE MALA STRANA Xerardo Agrafojo

O punto de partida desta novela é a misteriosa aparición do cadáver dun escritor na cidade vella de Praga




CAFÉ KARNAK N. Mahfuz

Cando, sen previo aviso, tres mozos deixan de acudir ó café, a súa dona, unha muller madura que fora bailarina, empeza a investigar. Descubrirá as súas historias entrelazadas e a cara máis dura da revolución no Exipto dos anos 70



CLAUS Y LUCAS A. Kristof

Volume que recolle tres novelas, nas que se narra a historia de dous irmáns xemelgos, Claus e Lucas, condicionados por un vínculo que se convirte nunha alegoría das forzas que separaron Europa dende a 2ª Guerra Mundial.



UNHA PRIMAVERA PARA ALDARA Teresa Moure


Estamos nun mosteiro na Galicia do s. XV, en plena Revolta irmandiña. Ao convento chega Don Nuno, un cabaleiro irmandiño ferido na batalla, quen é acollido pola abadesa a pesares de que as regras non permiten a presenza masculina no mosteiro.



NOVELA GRÁFICA (ADULTOS)


¡PUTA GUERRA! Tardí-Verney

Novela gráfica sobre a atrocidade, o terror e o absurdo da Gran Guerra (en realidade, de calquera guerra...)




CAFÉ BUDAPEST Alfonso Zapico

O protagonista é un xove violinista xudeu que vive coa súa nai na Budapest de 1947. Un día recibe unha carta do seu tío dende Xerusalem. Fuxindo da miseria, chegará a Palestina nun convulso momento político.



VALS CON BASHIR Folman- Ari- Polonsky

Novela sobre a guerra no Líbano e as masacres dos campos de refuxiados de Sabra e Chatila na que o protagonista, desafiando a amnesia colectiva de amigos e compañeiros de armas, trata de recordar cal foi o seu papel no conflito



NEGRINHA J.C. Camus-O. Tallec

Retrato da sociedade brasileira, a través dos ollos dunha nena que só quere ser aceptada, e dunha nai que fai o imposible por protexela.

